



## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: C95501:13  
SITUACIÓN: Rua do Pedregal, PORTAL 1, nº 10 2º E - AMES

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña de data 24 de setembro de 2020 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente C95501:13, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado non foi presentada ningunha solicitude para participar no procedemento de selección que cumprise todos os requisitos ou completase todos os trámites para poder ser designado adquirente.

A vivenda continuou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento. Con data 21/12/2020 foi presentada unha solicitude de compra da dita vivenda por parte de dona Vanesa de la Fuente García, con credencial 93242, a cal renunciou posteriormente, aceptándose a dita renuncia mediante resolución desta xefatura territorial do 25/02/2021.

O 24/02/2021 dona Sindia Lidia Mansilla Parga con credencial 96746 presentou solicitude de inclusión no dito procedemento de selección de adquirentes, pero antes de tramitar a dita solicitude o 10/03/2021 comunicou a súa renuncia.

Con data 08/04/2021 dona Andrea Álvarez Rodríguez con credencial 97705 presentou unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a adquisición da dita vivenda, a cal tamén renunciou o 29/04/2021, aceptándose a dita renuncia mediante resolución desta xefatura territorial do 30/04/2021.

Con data 09/04/2021 tiña presentada solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes dona LORENA PADRON VARELA (núm. de credencial 97775), que, logo da oportuna comprobación e tras a aceptación da renuncia de Andrea Álvarez Rodríguez, verificouse que cumpre os requisitos esixidos para ser designada adquirente.

En consecuencia, a xefa territorial

ACORDA:

Declarar directamente adquirente a dona LORENA PADRON VARELA (núm. credencial 97775) Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda  
Cristina Carrión Rodríguez  
(Asinado electronicamente).

